

Nome

Curso

O porco prodixioso

Teño que contarvos o «prodixio» co que convive o meu amigo Martiño desde hai un tempo. Concretamente desde que tiña oito anos.

O Martiño é un neno ao que lle gustan moito os animais. Sempre chegaba á casa con animais que atopaba nos seus paseos. E axudaba os que tiñan algún problema; así levaba gatos aos que un automóbil lles partira unha pata e alí os tiña deica que curaban, despois poñíalos en condicións de que escollesen ir a onde quixesen. Outras veces eran paxariños que se mancaran ao se golpearen contra algunha fiestra; non era nada raro que aparecese cun can abandonado, que non tiña máis enfermidade ca a que lle ocasionaran varios días sen probar bocado.

Pero o conto é que, un día en que o rapaz ía dando un dos seus paseos, mesmo de diante dos pés saíulle un porquiño a todo correr. Era pequeno, gordiño e colorado. Tiña as orellas moi dereitas, coma as dun xabaril.

Correu o Martiño detrás del, sen máis arela ca a de velo ben, e o porco parou de súpeto. Deu volta e quedou mirando para o neno. Pegou outra vez a correr e foise o rapaz detrás. De cando en vez miraba para atrás coma se quixese comprobar que o neno o ía seguindo. E así chegaron diante da casa do rapaz xusto ao tempo en que o pai saía.

–Oes, papá, de quen será este porquiño tan bonito?

–E eu que che sei? –dixo o pai–. Os porcos sempre che son de alguén, o caso é que son todos iguais...

Mentres o pai ía dicindo cousas achegábase ao porco co desexo de acariñalo.

Non lle debía gustar ao animal que o home se lle achegase, porque a cada paso que el daba, recuaba outro o porco, ata que sucedeu por primeira vez o prodixio. O quino comezou a virar de cor. Daquela quen ceou foi o home.

–Arre demo! –dixo o pai–. Nunca tal vin: un porco verde. Agora si que estou por dicir que non é de aquí. Por estes lugares non hai bechos destes.

Estaba o pai dicindo isto cando o porco pegou novamente a correr con tal velocidade que nun intre o perderon de vista.

Ao outro día pola mañá, Martiño volveu ao sitio onde atopara o quino o día anterior, e alí estaba. Deitadiño no chan coma se estivese agardando polo rapaz.

Cando o viu, ergueuse e botou a andar tras do neno coma un can. Fixo Martiño o mesmo camiño do día anterior e chegaron á casa. Entrou o neno e o marrán detrás del. E aínda non andaran máis ca uns metros polo interior da casa, o cocho comezou a volveirse azul.

–Vaia! –falou o pai que acababa de ver o porco–. Agora é azul.

Nesta ocasión deixou que o pai do Martiño se lle achegase e permitiu que lle pasase a man polo lombo.

Agora xa hai un certo tempo que o porco vive na casa con Martiño e permite que calquera se lle achegue e xogue con el, pero continúa sendo prodixioso, porque cambia de cor segundo o estado de ánimo. Os da casa pouco a pouco van coñecendo o seu significado, así xa saben que, cando ten medo, se volve verde; cando se sente máis confiado ponse azul; e cando está verdadeiramente ledó e feliz, entón pónselle todo o corpo a cadros amarelos e granates.

Por suposto que na casa do Martiño se sente seguro porque todos o queren moito; en calquera outra casa, chegadas as datas do santo do neno, seguramente o converterían en chourizos, touciño salgado,

xamóns curados e outros anacos destinados á mesa. Aquí non; aínda que, por outra parte, nunca se atreverían a facer con el tal cousa, porque ninguén sabe de que raza pode ser e se será comestible.

Xavier P. Docampo (Adaptación)

1. ¿Que relación tiña Martiño cos animais?
2. ¿Que ocorreu a primeira vez que o pai viu o porco?
3. ¿En que consiste o Prodixio do porco de Martiño?
4. Busca 3 palabras que se usara para referirse ó porco:
5. ¿Por que di no texto que chegadas as datas do santo de Mariño noutras casa a vida do porco pode perigar?
6. ¿De que cores se poñía o porco e que representaba?